ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 15 DE XUÑO DE 2010

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a quince de xuño de dous mil dez, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

Grupo do Partido Socialista:
D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular:
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín
Miguel A. Naveira Campelo

Grupo municipal Veciños de Bergondo:
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:
D. Antón Sánchez García

Non asisten:
D. Manuel Parga Fernández (grupo municipal BNG)

Así mesmo asisten:
A interventora municipal: D.ª Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria accidental: D.ª Aurelia M.ª Basanta García

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2009.

2.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO *SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, DO CONCELLO DE BERGONDO.* ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

3.- MODIFICACIÓN DE RETRIBUCIÓNS DE CARGOS MUNICIPAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

4.- PROPOSTA DE DENOMINACIÓN DUN TRAMO DE ESTRADA NO LUGAR DE "A SENRA" COMO *RÚA ALCALDE JOSÉ FERNÁNDEZ RAMOS*. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO ECONÓMICO 2009.

Dáse conta ós/ás asistentes da proposta da Alcaldía, que transcrita literalmente di:
"Unha vez rendidos pola Alcaldía os estados e contas anuais, a Intervención municipal nos termos establecidos no artigo 212 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), procedeu (segundo Providencia de Alcaldía de 29 de marzo de 2010) a formar a Conta Xeral, emitindo un informe de data 7 de abril de 2010, que acompaña á mesma.
A Comisión Especial de Contas en sesión celebrada o 28 de abril de 2010, informou favorablemente a Conta Xeral de 2009, procedéndose a súa exposición pública no Boletín Oficial da Provincia nº 88 de data 12 de maio de 2010. Transcorrido o prazo sinalado no artigo 212.3 do TRLRFL sen que se producisen reclamacións e en cumprimento do disposto no artigo 212.4 do citado texto legal e na Regra 102.4 da Instrución do modelo normal de contabilidade local, propoño ó Pleno da Corporación, que previo exame do expediente, adopte o seguinte acordo:
***Primeiro:** Aprobar a Conta Xeral do exercicio económico 2009, co desglose das Contas e Estados que a forma, e se indican a continuación:*

	Exercicio 2008	Exercicio 2009
1. BALANCE DE SITUACIÓN: TOTAL ACTIVO E PASIVO	21.763.407,52 €	24.066.766,06 €
2. CONTA DE RESULTADO ECONÓMICO PATRIMONIAL: Aforro	1.470.321,85 €	2.271.415,07 €
Desaforro	0,00 €	0,00 €

3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

A) Resultado orzamentario exercicio 2009

CONCEPTOS	**DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS**	**OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS**	**AXUSTES**	**RESULTADO ORZAMENTARIO**
a.- Operacións correntes	5.415.027,17	5.286.824,58		
b.- Operacións correntes non financeiras	2.250.708,82	2.753.383,92		
1. Total operacións non financeiras (a+b)	7.665.735,99	8.040.208,50		
2. Activos financeiros	4.418,31	4.252,82		
3. Pasivos financeiros	0,00	33.330,52		
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	7.670.154,30	8.077.791,84		-407.637,54
AXUSTES				
4. Créditos gastados financiados con remanente tesourería para gastos xerais			1.628.708,79	
5. Desviacións de financiación negativas do exercicio			191.228,08	
6. Desviacións de financiación positivas do exercicio			382.886,96	1.437.049,91
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO				1.029.412,37

B) Estado remanente de tesourería

- Fondos líquidos na tesourería .....2.852.499,16 euros.
- Dereitos pendentes de cobro en fin de exercicio.....667.055,53 euros.
- Obrigas pendentes de pago en fin de exercicio.....759.991,55 euros.
- Remanente Tesourería total.....2.759.563,14 euros.
- Saldos de dubidoso cobro..... 0,00 euros
- Exceso de financiación afectada..... 272.914,99 euros.

- Remanente de Tesourería para gastos xerais.....2.486.648,15 euros.

C) Dereitos e obrigas pendentes exercicio 2009

- Dereitos pendentes de cobro..... 640.424,94 euros.

- Obrigas pendentes de pago..... 570.198,63 euros.

D) Remanentes de crédito

- Comprometidos..... 1.304.395,10 euros.

- Non comprometidos..... 1.892.666,59 euros.

4. MEMORIA que completa, amplía e comenta a información contida no balance, na conta de resultado económico patrimonial e o estado de liquidación do orzamento.

***Segundo**: Que se proceda a render ó Consello de Contas da Xunta de Galicia a referida Conta Xeral, de acordo co previsto no artigo 212.5 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.*

O Pleno da Corporación decidirá o que crea mais conveniente.

Bergondo, 10 de xuño de 2010=A Alcaldesa=Asdo. Alejandra Pérez Máquez

A continuación toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: foi ditaminada favorablemente pola Comisión de Contas do día vinte e oito de abril, xa comentamos entón que un ano mais o resultado orzamentario era positivo, que a maioría dos reparos que había eran por non ter as autorizacións para poder realizar as obras do FEIL, e que cada fase de contratación levaba un reparo; non é habitual facer as obras sen autorizacións pero neste caso o FEIL daba un tempo moi limitado. Destacar a importancia de render a Conta Xeral ó Consello de Contas nos prazos que son obrigatorios e poder despois concorrer ás subvencións que cada vez mais esixen este requisito.

Tampouco significa estar a favor da xestión municipal porque é un documento bastante técnico, e que reflicte o traballo contable.

Toma a palabra Sra. concelleira de VB, Loreto Caseiras Arroyo e manifesta: efectivamente como é un documento que reflicte a xestión municipal, pois na Conta vense datos sobre os que penso que debemos chamar a atención; temos agora mesmo mais dereitos pendentes de cobro que obrigas pendentes que indica que o concello sabe que ten que cobrar eses cartos e polo motivo que vostede nos explicará o que nos poidan facilitar non temos nas nosas arcas ese diñeiro; son seiscentos corenta mil douscentos vinte cinco euros.

Tamén hai unha cantidade que son obrigas pendentes de pago; é dicir, temos persoas que están á espera de poder cobrar esa cantidade.

Efectivamente hai un gran número de reparos, pero non só polas autorizacións, había porque os acredores presentaran facturas en fora de prazo.

Sra. alcaldesa: para iso foi o recoñecemento extraxudicial de crédito.

Sra. concelleira de VB: tamén había algúns de contratos que nos pasabamos na contía e non se podían facer, polo que había que levalos a Xunta de Goberno ou traelos ó Pleno, é dicir, hai outros detalles que non podemos esquecer. Apurar a xestión para que non teñamos dereitos pendentes de cobro, non ter que estar sempre recorrendo ó Remanente de tesourería. No ano 1999, cando esta Corporación chegou o concello, o recordo aquel Pleno e fíxose unha acta de arqueo de, aproximadamente, douscentos vinte e cinco millóns de pesetas, polo que partían vostedes dunha situación moi beneficiosa e agora mesmo non quedará nada, sabemos que hai crédito e que hai que facer fronte a obrigas financeiras; polo que, reiterándonos no dito na Comisión, o noso voto vai ser abstención.

Sra. alcaldesa: os pagos a terceiros xa están feitos, estamos a falar do trinta e un de decembro e é inevitable que haxa débedas pendentes de pago, son a trinta, sesenta ou incluso a noventa días, aínda que noventa non é o habitual no concello, pero o certo é que as que quedan a finais de ano si teñen que esperar a que se peche o exercicio, é un tema contable, este concello paga con moita celeridade.

Temos cartos pendentes de recibir pois porque hai obras que se nos conceden unha subvención en setembro, os prazos de contratación hai que cumprilos e non dan para xustificar esa obra antes de

decembro, co cal eses cartos quedan recoñecidos para poder recibilos neste exercicio; ás veces hai retrasos polo que se teñen que pedir prórrogas para esas obras e, polo tanto, aínda se retrasa mais o cobro desa subvención
Falaba vostede da situación do ano 1999, eu tamén recordo aquel Pleno e o que nós criticabamos era porque un concello tiña esa cantidade de remanente e non o utilizaba para facer mais suplementos e executar outro tipo de gastos ou inversións; unha Administración non está para aforrar, iso é o que defendiamos aquel día e o que seguimos defendendo ó día de hoxe. A pesar diso temos unha débeda de cincocentos mil euros que é froito de dun préstamo que se pediu no seu momento par inversión, e que se vai devolvendo como calquera veciño que teña unha hipoteca, iso non quere dicir que estea endebedado; se no seu momento non houberamos acudido a eses préstamo non fariamos algunhas inversións que se fixeron no concello, ou ben, ó día de hoxe estaríamos sen ningún Remanente.
Por outro lado a Acta de Arqueo reflicte o saldo que hai no Banco nese momento, que non é exactamente o Remanente de Tesourería.
Con respecto a eses dous reparos que non de autorizacións, xa dixemos no seu momento que foi debido a unha factura a viaxe que fixeron os rapaces e ó tema da gripe A, de seiscentos euros, que pensamos que si había que pagar; e o outro é o que estamos a subsanar no punto seguinte da Orde do Día; sabemos que estamos incorrendo neste reparo e somos conscientes, por iso se fai o seu levantamento, porque é mais importante prestar ese servizo. A nós tamén nos gustaría regular esta situación moito antes.

Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García: nós tamén ímonos abster por dous puntos que sempre repetimos, un é o nivel de execución e outro que, por primeira vez estamos de acordo coa alcaldesa, é o Remanente de Tesourería que é moi elevado para o que nós pensamos que debería ser, sobre todo faltando servizos básicos e, animámola a seguir con ese principio de que as Administracións non deben ter unha endebedamento excesivo pero tampouco poden ter este Remanente.
Sra. alcaldesa: so salientar que o grado de execución do Orzamento neste ano, aínda que no indicador orzamentario aparece dun setenta e un por cento, realmente está nun noventa e dous por cento; é dicir, que é un grado altísimo se contamos con todas as obras que foron contratadas e aínda se están executando neste ano, pero con cargo ó Orzamento do ano pasado.

Seguidamente procedese á votación da proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) abstencións; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: unha (1) abstención
Total: seis (6) votos a favor e seis (6) abstencións.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a proposta antes transcrita.

2.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO *SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, DO CONCELLO DE BERGONDO.* ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta ós/ás asistentes da proposta da Alcaldía, informada favorablemente pola Comisión Informativa do Pleno, que transcrita literalmente di:
"Por este concello preténdese realizar a contratación da prestación do ***servizo de AXUDA NO FOGAR****. Constan, entre outros, a xustificación da necesidade e idoneidade desta contratación, os*

informes emitidos pola interventora municipal e a secretaria accidental, así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.
En consecuencia co anterior, ***proponse ó Pleno que,*** *unha vez examinado o expediente,* ***adopte o seguinte acordo****:*
Primeiro. – Incoa-lo expediente de contrato de servizos *para a prestación do* ***Servizo de Axuda no Fogar****, por un prazo máximo de catro anos prorrogable a outros dous, sendo o* ***orzamento*** *máximo de licitación o seguinte:*
Prezo hora SAF básica e dependencia luns a sábados: 12,50 € (sen IVE),
Prezo hora dependencia domingos e festivos: 14,00 € (sen IVE)

Ano	Estimación horas/ano SAF dependencia luns-sábado (evolución de 5% por ano)	Estimación horas/ano SAF dependencia domingos e festivos (evolución 5% por ano)	Estimación horas/ano SAF básica	TOTAL PREZO (Sen IVE)
1º (2011)	29.000	1.000	1.500	395.250,00
2º (2012)	30.450	1.050	1.500	414.075,00
3º (2013)	31.973	1.103	1.500	433.854,50
4º (2014)	33.572	1.158	1.500	454.612,00

Ano	€ por horas dependencia luns –sábado 13,00 €/hora	€ por horas dependencia domingos – festivos 14,56 €/hora	€ por horas básica 13,50 €/hora	TOTAL (Con IVE)
1º (2011)	377.000,00	14.560,00	20.250,00	411.810,00
2º (2012)	395.850,00	15.288,00	20.250,00	431.388,00
3º (2013)	415.649,00	16.059,68	20.250,00	451.958,68
4º (2014)	436.436,00	16.860,48	20.250,00	473.546,48

Previsión de que os dous anos de prórroga manteranse as horas de dependencia e de básica, polo que o importe por cada ano de prórroga será de 473.546,48 euros.
O dito contrato financiarase con cargo á partida 233/227.12, sendo a súa tramitación anticipada, segundo o disposto no artigo 94 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (en adiante LCSP), polo que, en consecuencia, se supedita á condición da existencia de crédito adecuado e suficiente para financia-las obrigas derivadas do contrato nos exercicios económicos 2011 e seguintes.
Segundo. *- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación mediante a forma de* ***procedemento aberto, con multiplicidade de criterios de valoración,*** *e tramitación ordinaria, segundo o previsto nos arts. 134 e 141 da LCSP.*
Terceiro.- *Acordar para esta contratación se constitúa a seguinte* ***Mesa de Contratación:***
Presidenta: A alcaldesa do Concello, Alejandra Pérez Máquez ou concelleiro/a en quen delegue
Secretaria: A funcionaria deste concello, Rosa M.ª Calviño Calvete

Vogais:

A secretaria de corporación, M.ª de las Mercedes Fernández González ou funcionario/a en quen delegue

A interventora municipal, Laura Gutiérrez Ortiz ou funcionario/a en quen delegue

A traballadora social municipal, M.ª Amparo Iglesias Puente

A concelleira do Servizo de Benestar Social e Xuventude, María Begoña Calviño Dorado

Cuarto. *-* ***Aproba-lo prego*** *de cláusulas administrativas particulares, xunto co cadro de características propias deste contrato que se reflicten no Anexo 1 do mesmo e, así mesmo, o prego de prescricións técnicas, elaborados especificamente para esta contratación.*
Quinto. *- Declara-la* ***improcedencia da revisión de prezos*** *durante os dous anos de vixencia inicial do contrato, segundo o estipulado na cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

***Sexto. - Aproba-lo expediente de contratación incoado**, realizando a publicidade da licitación mediante anuncios no perfil do contratante, na páxina web do concello, e no Boletín Oficial da Provincia, segundo o previsto nos artigos 126 e 142.*
De tódolos xeitos o Pleno decidirá o que crea máis conveniente.
Bergondo, 4 de xuño de 2010=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez "

Sra. alcaldesa: esta contratación é para o Servizo de Axuda no Fogar de dependencia, xa que os servizos municipais seguirán co servizo da básica.
Como se indica na proposta e no Prego todo dependerá das subvencións obtidas das distintas Administracións, xa que no caso de que haxa mais valoracións terá que asumilas a empresa, e, no caso de haxa menos cobrará exactamente polo servizo prestado.

Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle: seguindo a liña da Comisión Informativa, preguntar que vai pasar coas persoas que agora mesmo están desenvolvendo esas funcións, se van seguir traballando para o concello ou van pasar a formar parte da nova empresa.
Sra. alcaldesa: non, é o xa dixen, co persoal propio se vai facer a axuda do SAF básica e o persoal que xa están atendendo actualmente á dependencia é o da empresa externa; senón tería que vir recollido no Prego que a empresa externa tería que se tería subrogar no persoal municipal. Desde os servizos sociais entendeuse que se poderían compatibilizar os dos sistemas facendo esa diferenciación.
Sra. voceira do PP: comentábanos que as persoas beneficiarias serán arredor de cincuenta.
Sra. alcaldesa: esas son as que están actualmente, hai unhas dez persoas pendentes de valoración.

Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García: o noso voto vai ser favorable, é un servizo imprescindible, haberá que vixiar que a prestación do servizo sexa de calidade e que a empresa teña os contratos cos seus traballadores correcto, xa que é un traballo que causa moitas baixas do persoal e está ben que externalizalo porque da mais flexibilidade para dar o servizo, pero tampouco debemos permitir como concello que este prestando ese servizo unha empresa que teña irregularidades cos seus traballadores.
Sra. alcaldesa: por suposto. Na maior parte dos concellos se está a facer por un contrato de servizos, con cantidades parecidas ás recollidas nos Pregos,de feito os prezos por hora, a non ser que despois haxa baixas nas propostas, van en concordancia coa modificación que houbo do convenio colectivo do Servizo de Axuda no Fogar que saíu no mes de abril.
O Prego tamén é bastante exixente en canto ó tema de servizos, ter unha Traballadora Social exclusivamente para ese tema; ter un local, ben no propio concello ou en algún limítrofe, para maior seguridade nosa.
Respecto ó tema do persoal, como en calquera prestación de servizos, é un tema que tamén se valora.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3.- MODIFICACIÓN DE RETRIBUCIÓNS DE CARGOS MUNICIPAIS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta ós/ás asistentes da proposta da Alcaldía, informada favorablemente pola Comisión Informativa do Pleno, que transcrita literalmente di:
"No marco do Real decreto-lei 8/2010 aprobado polo Consello de Ministros que tivo lugar o 20 de maio de 2010, publicado no Boletín Oficial do Estado número 126, do 24 de maio, polo que se adoptan

medidas extraordinarios para a redución do déficit público, os grupos políticos PSOE, PP, IU, CIU, UPN e PAR, representados na Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), e co propósito de contribuír a acelera-la redución do déficit público, acordaron na comisión executiva da FEMP do 25 de maio de 2010, recomendar a tódolos Concellos, Deputacións, Consellos e Cabildos Insulares a aplicación da medida de redución dos salarios dos Alcaldes/as e Presidentes/as, Deputados/as e Conselleiros/as, así como Altos Cargos dos Gobernos Locais, utilizando os mesmos criterios e escalas establecidas polo Goberno de España para a Administración Xeral do Estado (AGE), reducións que se farán efectivas na nómina de mes de xuño, quedando os salarios conxelados para o ano 2011.

De acordo co previsto no artigo 13 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 74 e 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), tendo en conta as características deste Concello, e en base ó anteriormente exposto procede inicia-lo procedemento correspondente para modifica-las retribucións para os integrantes do Goberno municipal propoñéndose en consecuencia ó Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: *Reducir ás retribucións nun 6 % dos cargos con DEDICACIÓN EXCLUSIVA, quedando as mesmas como segue:*

- *Fixar as retribucións para a señora Alcaldesa D.ª Alejandra Pérez Máquez en dous mil seiscentos trinta e nove con noventa (2.639,90) euros en 14 mensualidades.*
- *Fixar as retribucións para o concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Infraestruturas, Vías e Obras en dous mil cento sesenta e oito con corenta e nove (2.168,49) euros en 14 mensualidades.*

Segundo: *Reducir ás retribucións nun 5 % dos cargos con DEDICACIÓN PARCIAL, quedando fixadas en novecentos cincuenta e dous con oitenta e cinco (952,85) euros en 14 mensualidades.*

Terceiro: *Comunicar este acordo a cada un dos membros da Corporación afectados.*

O Pleno Municipal decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 3 de xuño de 2010=A alcaldesa=Asdo.: Alejandra Pérez Máquez"

Sra. alcaldesa: o Real Decreto non informaba sobre os soldos dos políticos, pero si hai esa recomendación da FEMP e nos estamos baseando na escala que propoñen.

Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro: nós seguimos insistindo, como dixemos na Comisión que nos parece pouca baixa; vou a xustificalo no Pleno do 19 de xuño, no que se subiron o soldo por segunda vez na lexislatura, aínda que como di vostede non o global; nós cremos que a baixa é pouca.

Sra. alcaldesa: estamos facendo unha proposta moi acordo co que di a FEMP, se noutro momento as recomendacións son outras, por suposto esta Corporación o fará efectivo.

Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García: nós sempre defendemos que había que ter uns soldos razoables para dar exemplo os cargos políticos a quen representamos; a nosa postura tamén quedou clara naquel Pleno. Non criticabamos soamente as retribucións senón o esquema de retribucións que hai, nós priorizariamos mais dedicacións exclusivas ou parciais, pero non ese reparto que fai a xente que xa ten outros traballos e que cobra iso.

Nós imos votar a favor da proposta que se trae hoxe, pero estamos en contra de que isto sexa unha medida contra a crise; a crise non é debida ó que ganan os funcionarios ou os pensionistas, ou incluso os cargos electos nos concellos; a crise foi provocada por uns factores ós que o Goberno central, nin a Unión europea lles pon ningunha medida, non controlan os mercados financeiros, nin se tomou ningunha medida contra o fraude fiscal ou os paraísos fiscais, non se tomaron medidas de fiscalidade progresiva, de que paguen mais os que mais teñen, e non se puxeron outro tipo de medidas que son progresistas, nin sequera o Decreto que aprobou parece reflectir o que o partido socialista pensaba ata

fai un mes, que dicía unha cousa e tivo que cambiar forzado por eses que causaron a crise. Nós para o Pleno ordinario traeremos un Moción para ter unha declaración do Concello de Bergondo, en contra destas medidas que se reflicten no Decreto.
Sra. alcaldesa: eu tamén espero que o Goberno central aplique outro tipo de medidas, pero tamén sei que foron medidas que se tiveron que tomar de urxencia e que era a forma mais rápida de facer un aforro inmediato, sen que iso sexa a solución á crise. Como dato lles podo dicir que ó concello de Bergondo lle vai a supoñer, aproximadamente, un aforro de case vintecatro mil euros no que queda de ano; con eses cartos imos amortizar parte do crédito bancario que temos; faremos unha amortización extraordinaria porque así o obrigaba o propio Decreto. Non se vai reflectir moito na débeda global do préstamo, este concello pode e ten capacidade suficiente para pagar ese préstamo, e, incluso, poder pedir outro.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

4.- PROPOSTA DE DENOMINACIÓN DUN TRAMO DE ESTRADA NO LUGAR DE "A SENRA" COMO *RÚA ALCALDE JOSÉ FERNÁNDEZ RAMOS*. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta ós/ás asistentes da proposta da Alcaldía, informada favorablemente pola Comisión Informativa do Pleno, que transcrita literalmente di:
"O día 18 de febreiro de 2009, co núm. de Rexistro Xeral de Entrada, 1088, D. Antonio Casal González, en representación da Sociedade INSTRUCCIÓN Y RECREO BERGONDO Y SUS CONTORNOS, presentou un escrito no que informaba da disolución da citada sociedade e, ó mesmo tempo, solicitaba a dedicación ó desaparecido alcalde deste concello D. José Fernández Ramos, o tramo da estrada DP.0806 "a Cruz do Sar polo albergue de Bergondo" ata o cruce co vial municipal ó núcleo rural de Mariñán.
De acordo coa lexislación vixente na materia tramitouse o correspondente expediente para darlle a nova denominación ó citado tramo de estrada, constando no mesmo os escritos dos alcaldes dos concellos limítrofes de Cambre e Paderne, e dos Presidentes da Deputación e do Consorcio As Mariñas, nos que lembran a figura, e a labor como Alcalde do Concello de Bergondo, de José Fernández Ramos. Así mesmo constan os informes dos Servizos Técnicos municipais en relación á situación e denominación do tramo da estrada, e, da Secretaria Accidental en relación á procedemento a seguir.
En base ó exposto, proponse ó Pleno municipal que unha vez examinado o expediente adopte o seguinte acordo:
***Primeiro:** Nomear o tramo de estrada DP. 0806 "a Cruz do Sar polo albergue de Bergondo" ata o cruce co vial municipal ó núcleo rural de Mariñán, como Rúa Alcalde José Fernández Ramos, en homenaxe, a título póstumo, pola súa dedicación ó Concello de Bergondo.*
***Segundo:** Dar de alta esta nova vía na Guía de Rúas do Concello de Bergondo.*
***Terceiro:** Comunicar este acordo á viúva de D. José Fernández Ramos, D.ª Isabel Fariñas Vázquez; ós veciños afectados, e, ós seguintes organismos:*
.- Instituto Nacional de Estatística (INE).
.- Xerencia Rexional do Catastro en Galicia.
.- Rexistro da Propiedade de Betanzos.
.- Servizo de Correos.
***Cuarto:** Publicar o acordo de cambio de denominación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello para o seu público coñecemento.*

Quinto: *Facultar á Sra. alcaldesa para que subscriba os documentos que sexan necesarios para tramitación deste expediente.*
Bergondo, 4 de xuño de 2010.=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"

A continuación toma a palabra a Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle e di: na Comisión Informativa comentounos que era unha iniciativa popular, que os veciños o querían.
Sra. alcaldesa: quería dicir que non era unha proposta da Alcaldía, senón, como día a propia proposta, a través da asociación *Bergondo y sus contornos*.
Sra. voceira do PP: pero as súas palabras foron iniciativa popular, e, evidentemente, nós estamos de acordo sempre que os veciños o queiran; cal é a nosa sorpresa cando fai un par de horas fomos á Senra a falar cos veciños e excepto unha familia todos están en contra; textualmente dixéronos que non era de Bergondo, que non estaba sequera empadroado, que cumpriu coa súa función como calquera dos anteriores alcaldes, que esa rúa ten unha historia para os veciños e queren que siga chamándose A Senra. Isto é un pouco do que os veciños nos manifestaron, entón nós vémonos obrigados a votar o que realmente a xente afectada desa zona quere, e é que se manteña o nome actual, polo que o noso voto vai ser en contra.

Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro: nós abstémonos.

Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García: nós tamén nos imos abster, pero queremos explicar que para facer isto e non deixarse levar, un pouco, polo tema dos sentimentos nada mais, xa que é moi fácil que os compañeiros que estiveron con el o queiran, pero seriamos hipócritas se os demais dixeramos iso. É mellor establecer uns criterios xerais para facer isto, para que sexa unha cousa institucional; nós témoslle respecto porque foi un alcalde elixido democraticamente e si que o plantexado polo PP habería que estudalo, non sería bo que despois houbera protestas da xente de alí; penso que é mellor que isto quedara enriba da mesa, estamos dispostos a facelo pero dunha maneira que non haxa esa problemática. Cando nós propuxemos cambiar o nome da rúa *Calvo Sotelo*, tamén chegouse a esa conclusión e quedou o asunto parado. É o que propoñemos, incluso por respecto á persoa que se quere homenaxear.
Sra. alcaldesa: eu estou de acordo con vostede en que está pendente de facer ese cambio en Lubre, por parte desta Alcaldía no momento en que haxa unha proposta se levará ó Pleno. Esta non é unha proposta dos seus compañeiros, porque se fora ó mellor os seus compañeiros non houberan pensado nin sequera nesa rúa; esta é unha proposta feita pola sociedade *Bergondo y sus contornos* que ademais dona A Senra e que libremente pensaron en que lles gustaría que se dedicase ese tramo ó alcalde; unha sociedade que, por certo, hai xente de todas as cores e libremente decidiron isto, polo tanto, non é algo que parta da Alcaldía ou dos seus compañeiros, e non porque non quixeramos, senón que nos parece aínda moito mellor que partira de alguén do pobo e querían homenaxealo deste xeito. Estou segura de que se fixeramos enquisas non ía estar todo o mundo de acordo, pero penso que ía haber mais dunha persoa nesa rúa que si estaría a favor de que se denomine rúa Alcalde José Fernández Ramos; nós mantemos a proposta.
Sr. voceiro suplente do BNG: puntualizar que no Pleno no que se falou da rúa Calvo Sotelo quedouse en convocar unha Comisión, non presentar unha proposta.
Sra. alcaldesa: efectivamente, quedamos en que se ían estudar outras alternativas.
Sr. voceiro suplente do BNG: nós cremos que habería que facer uns criterios xerais para todo o concello e consensuar non só os nomes das rúas senón a ubicación.

Seguidamente procedese á votación da proposta da Alcaldía, que tivo o seguinte resultado:

Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dúas (2) abstencións; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: unha (1) abstención

Total: seis (6) votos a favor, tres (3) en contra e tres (3) abstencións.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada, por maioría de votos a favor a proposta antes transcrita.

E non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e dez minutos, remátase a sesión, de orde da alcaldesa, redactándose a presente acta da que eu, a secretaria accidental, dou fe.

A secretaria accidental

Aurelia M.ª Basanta García

V. e Pr.:
A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez